



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

O pasado 4 de maio de 2022 solicitamos copia do convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense polo que se adxudicaban tractores a concellos da provincia, e relacionado coa modificación orzamentaria 1/2022 onde se adxudican 600.000€ a Xunta de Galicia “para adquisición 12 tractores”, ao que se engadiu a través doutra modificación orzamentaria outro máis para o Concello de Manzaneda.

Todavía a día de hoxe non temos copia dese convenio solicitado.

¿Está xa asinado o convenio? ¿En que data?

No caso de non estar todavía asinado **¿Cales son os motivos para que esa sinatura non se producira todavía por parte da Xunta de Galicia?**

¿Hai data prevista para asinar o convenio tendo en conta que no exercicio pasado os tractores foron entregados aos concellos beneficiarios o 3 de decembro?

En Ourense, a 29 de novembro de 2022.

Asinado: José Ignacio Gómez Pérez.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE